

# **PROGRAMA ESPECÍFICO FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS**

---

## **MÓDULOS PROFESIONAIS:**

- **Comunicación e Sociedade I**
- **Comunicación e Sociedade I I**

**Unidade formativa: Comunicación (Lingua e Literatura Castelá, Lingua e Literatura Galega) e Ciencias Sociáis (Xeografía e Historia)**

**Departamento de Lingua Castelá e Literatura. IES As Mariñas**

**Curso 2018-19**

## 1. Introducción. A Formación Profesional Básica. Marco legal

O Decreto da Xunta de Galicia aprobado o 4 de setembro de 2014 regula os aspectos específicos da Formación Profesional Básica, dentro do sistema educativo de Galicia.

Este ensino responde a un perfil profesional que inclúe una cualificación profesional completa de nivel I do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e ordénase en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable, cunha duración de 2000 horas e dous cursos académicos. Coa superación dun ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas.

### O título de Formación Profesional Básica.

Os ciclos de Formación Profesional Básica incluírán os seguintes módulos profesionais:

- a) **Módulos asociados a unidades de competencia** do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
  - b) **Módulos asociados a bloques comúns**, que garantirán a adquisición das competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara a vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
    - **Módulo de Comunicación e Sociedade I e Módulo de Comunicación e Sociedade II**, que abrangue as seguintes materias: Lingua galega, Lingua Castelá, Lingua estranxeira e Ciencias Sociais.
    - **Módulo de Ciencias aplicadas I e Ciencias aplicadas II: Matemáticas e Ciencias.**
- 3. Módulos profesionais específicos** de Formación Profesional, incluíndo a formación en centros de traballo –FCT–.

### Módulo *Comunicación e Sociedade*

- Os módulos profesionais *Comunicación e Sociedade I e II* (igual que o de Ciencias Aplicadas) terán como referente o currículo das materias de ESO incluídas no bloque común correspondente e o perfil profesional do título de FP Básica no que se inclúen e estarán contextualizados no campo profesional do perfil do título.
- Desenvolven competencias do bloque común de *Comunicación e Ciencias Sociais*, que abrangue as seguintes materias: Lingua galega, Lingua castelá, Lingua estranxeira e Ciencias sociais.
- A carga horaria do conxunto dos módulos profesionais de *Comunicación e Sociedade* e de *Ciencias aplicadas* será, con carácter xeral, entre o 35 % e o 40 % da duración total do ciclo, incluída a titoría semanal.

## 2. Obxectivos xerais da Formación Profesional Básica

Os obxectivos destas unidades formativas desenvolven os obxectivos xerais dos ciclos formativos de Formación Profesional Básica:

1. Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
2. Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.

3. Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.

### **3. Obxectivos específicos da Formación Profesional Básica**

Ademais dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as ensinanzas de formación profesional, as ensinanzas conducentes a obtención do título de formación profesional básica contribuirán a:

- a) Facilitar a permanencia do do alumnado no sistema educativo.
- b) Ofrecer ao alumnado maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- c) Alcanzar e desenvolver as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida para proseguir estudos de ensino secundario postobrigatorio e facilitar a transición cara á vida activa.

### **4. Obxectivos específicos da Unidade Formativa “Comunicación en lingua galega e castelá e Ciencias sociais” (Dentro do Módulo “Comunicación e Sociedade”)**

A unidade formativa “Comunicación en Lingua Galega, Lingua Castelá e Ciencias Sociáis” I e II, inseridas no módulo profesional Comunicación e sociedade I e II, dentro do currículo do ciclo formativo de formación profesional básica pretende contribuír a desenvolver no alumnado as competencias básicas, feito que repercutirá nunha mellor capacitación para a interacción social e para a súa futura inserción no mundo laboral. Os obxectivos específicos da unidade formativa serán os seguintes:

1. Desenvolver un nivel de comprensión oral e escrita en lingua galega e castelá adecuado para comunicarse, desenvolverse en sociedade, desempeñar un oficio e acceder á información necesaria na vida cotiá con certo sentido crítico.
2. Expresarse con coherencia, adecuación, fluidez, seguridade e de forma comprensible para comunicar pensamentos, intencións, sentimentos, accións e aprendizaxes, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
3. Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas e acadar o nivel de precisión, claridad e fluidez requeridas, utilizando os coñecementos sobre a lingua castelá e galega para comunicarse no seu entorno social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
4. Comprender e producir textos de uso habitual no ámbito persoal, laboral e social, utilizando o vocabulario adecuado para denominar o que se manexa, realiza, aprende e sente. Comprender e expresar os procesos, técnicas e características de determinadas tarefas.
5. Coñecer a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XX, así como os fenómenos de contactos de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo.

6. Valorar a diversidade de usos das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que resulten discriminatorios.
7. Procurar e seleccionar recursos en fontes e medios diversos para realizar e completar producións propias.
8. Recoñecer a relación entre tipo de texto e intencionalidade comunicativa.
9. Planificar e executar proxectos de progresiva dificultade recorrendo ás fontes impresas e dixitais, así como elaborar presentacións claras, correctas e coherentes dos resultados, a través das tecnoloxías da información e da comunicación.
10. Utilizar críticamente e con progresiva autonomía as tecnoloxías da información e da comunicación para informarse, comunicarse, aprender y facilitar as tarefas laborais, obtendo, interpretando, elaborando e valorando informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
11. Desenvolver traballos en equipo, asumindo os seus deberes, respectando aos demais e cooperando con eles, actuando con tolerancia e respecto para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal. Aprender a planificar a realización de tarefas e a avalialas empregando criterios axeitados.
12. Reconocer características básicas de producciones culturales y artísticas, aplicando técnicas de análisis básico de sus elementos para actuar con respeto y sensibilidad hacia la diversidad cultural, el patrimonio histórico-artístico y las manifestaciones culturales y artísticas.
13. Xerar criterios estéticos para a construción do gusto literario persoal por medio da lectura de textos literarios representativos das literaturas galega e castelá anteriores ao século XX.
14. Facer da lectura unha fonte de pracer, de información, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
15. Desarrollar valores y hábitos de comportamiento basados en principios democráticos, aplicándolos en sus relaciones sociales habituales y en la resolución pacífica de los conflictos.

## Módulo profesional: Comunicación e sociedade I

### Unidade formativa: Comunicación en linguas galega e castelá I

#### 5. Contidos, Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe (Comunicación)

##### 1. Contidos

##### BC1. Utilización de estratexias de comunicación oral en lingua galega e en lingua castelá.

- Textos orais.
- Aplicación de escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- Intercambio comunicativo: elementos extralingüísticos da comunicación oral; usos orais informais e formais da lingua; adecuación ao contexto comunicativo.
- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas en lingua galega e en lingua castelá.
- Composicións orais: exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade; presentacións orais sinxelas; uso de medios de apoio (medios audiovisuais e TIC).

1. Resultados de aprendizaxe	1. Criterios de avaliación
RA1. Utilizar estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.	<ul style="list-style-type: none"><li>- CA1.1. Identificou a estrutura e características principais de textos orais dos medios de comunicación.</li><li>- CA1.2. Identificou o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral.</li><li>- CA1.3. Realizou un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións. (expresión facial, xestualidade, tono de voz expresivo...).</li><li>- CA1.4. Empleou axeitadamente os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicounos na composición de mensaxes orais. Evitou ou correxiu os usos lingüísticos discriminatorios.</li><li>- CA1.5. Utilizou a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución.</li></ul>

## 2. Contidos

### BC2. Utilización de estratexias de comunicación escrita en lingua galega e en lingua castelá.

- Tipos de textos. Características de textos de propios da vida cotiá e profesional.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.
- Pautas para a utilización de dicionarios diversos.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
- Presentación de textos escritos en distintos soportes. Aplicación das normas gramaticais e ortográficas en lingua castelá e en lingua galega.
- Textos escritos. Principais conectores textuais en lingua castelá e en lingua galega. Aspectos básicos das formas verbais nos textos, con especial atención ás perífrases verbais, á concordancia e a coherencia temporal e modal. Funcións substantiva, adxectiva e adverbial do verbo. Sintaxe (enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; complemento directo, indirecto, de réxime, circunstancial, axente e atributo). Estructuras subordinadas (substantivas, adxectivas e adverbiais).
- Léxico específico da familia profesional do título.

### 2. Estándares de aprendizaxe

RA2. Utilizar estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.

### 2. Criterios de avaliación

- CA2.1. Analizou e aplicou as características principais dos tipos de textos en función da súa finalidade.

- CA2.2. Utilizou diversas ferramentas de procura na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de interpretación de contidos.

- CA2.3. Aplicou estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero.

- CA2.4. Resumiu o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisou e reformulou as conclusións obtidas.

- CA2.5. Analizou a estrutura de textos escritos de utilización diaria e recoñeceu usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración.

- CA2.6. Aplicou as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso.

- CA2.7. Utilizou o léxico específico da familia profesional do título en textos axeitados.

- Desenvolve pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permiten a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita.

	<p>- Segue pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto.</p> <p>- Resolve actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comproba a validez das inferencias realizadas.</p>
--	---

<b>3. Contidos</b>	
<p><b>BC3. Lectura de textos literarios en lingua galega anteriores ao século XIX</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pautas para a lectura de fragmentos literarios.</li> <li>• Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.</li> <li>• Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua castelá a partir da Idade Media e ata o século XVIII.</li> <li>• Narrativa: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria.</li> <li>• Poesía: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria. Interpretación.</li> <li>• Teatro: temas e estilos segundo a época literaria.</li> </ul>	
<b>3. Resultados de aprendizaxe</b>	<b>3. Criterios de avaliación</b>
<p>RA3. Realizar a lectura de textos literarios representativos da literatura galega anteriores ao século XIX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- CA3.1. Diferenciou as etapas de evolución da literatura en lingua castelá e galega e recoñeceu as obras e autores máis representativas en cada unha.</li> <li>- CA3.2. Leu unha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información (Resumo, análise e caracterización de persoaxes, espacio e tempo e voz narrativa).</li> <li>- CA3.3. Expresou opinións persoais razoadas sobre unha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.</li> <li>- CA3.4. Detectou os temas e motivos temáticos de textos literarios.</li> <li>- CA3.4. Compuxo textos coherentes e cohesionados sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua castelá e galega a partir de textos literarios.</li> </ul>

#### 4. Contidos

##### BC4. Lectura de textos literarios en lingua galega anteriores ao século XX

- Pautas para a lectura de fragmentos literarios.
- Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.
- Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua galega desde a Idade Media e ata o século XIX.
- A literatura medieval.
- A literatura dos Séculos Escuros.
- A literatura do século XIX: etapas e obras máis significativas.

##### 4. Resultados de aprendizaxe

- RA4. Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura en lingua galega anteriores ao século XX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal.

##### 4. Criterios de avaliación

- CA4.1. Caracterizou as etapas de evolución da literatura en lingua galega no período considerado e recoñeceu as obras e autores máis representativos.

- CA4.2. Leu unha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información (Resumo, análise e caracterización de persoaxes, espacio e tempo e voz narrativa

- CA4.3. Expresou, oralmente ou por escrito, opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.

- CA4.4. Captou o tema e os motivos temáticos básicos de textos literarios axeitados.

- CA4.5. Compuxo textos expositivos coherentes e cohesionados sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua galega a partir de textos literarios.

## 5. Contidos

**BC5. Coñecemento da formación da lingua galega e da lingua castelá e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas.**

- A formación da lingua galega e da lingua castelá.
- Características das etapas da historia social da lingua galega e da lingua castelá ata o século XIX.
- Análise dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico e interferencias).
- Adopción de actitudes positivas cara á normalización da lingua galega e coñecemento do proceso.
- Valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Crítica dos prexuizos lingüísticos

### 5. Resultados de aprendizaxe

• RA5. Coñece a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo.

### 5. Criterios de avaliación

- CA2.1. Analizou as características de formación da lingua galega e da lingua castelá.

- CA2.2. Identificou as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e da lingua castelá anterior ao século XX.

- CA2.3. Analizou os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico.

- CA2.4. Valorou a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuizos lingüísticos.

## **6. Estándares de aprendizaxe mínimos para a consecución dunha avaliación positiva (Comunicación en linguas galega e castelá I)**

- Aplica as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral.
- Realiza un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións.
- Analiza os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicaos na composición de mensaxes orais.
- Utiliza a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución.
- Analiza as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade.
- Resume o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisa e reformula as conclusións obtidas.
- Analiza a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración.
- Aplica as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso.
- Segue pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto.
- Resolve actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comproba a validez das inferencias realizadas.
- Utiliza o léxico específico da familia profesional do título.
- Contrasta as etapas de evolución da literatura en lingua castelá e galega no período considerado e recoñece as obras máis representativas.
- Aplica estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos.
- Analiza as características de formación da lingua galega e da lingua castelá.
- Analiza os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico.

**Módulo profesional: Comunicación e sociedade I**

**Unidade formativa: Xeografía e Historia I**

**7. Contidos. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis (Ciencias Sociais I)**

**Unidade 1: O medio natural**

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	C. Clave
B1. O medio físico: relevo, clima, auga, flora e fauna.	B1.1. Comprender o concepto de medio físico e os elementos que forman as paisaxes naturais.	- <b>Localiza en mapas e imaxes os elementos do medio físico e sabe definir cada un deles.</b>	CAA CMCCT
B1.2. As paisaxes naturais: cálidas (ecuatorial, tropicais, desérticas); templadas (oceánica, mediterránea, continental) e frías (alta montaña, o medio polar).	B1.2. Recoñecer a diferenza entre paisaxe natural e humanizada. B1.2.3. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos de mundo	- Argumenta a diferenza entre paisaxe humanizada e natural. - <b>Enumera as peculiaridades dos distintos tipos de paisaxes naturais.</b> - <b>Localiza nun mapa físico os distintos tipos de paisaxes naturais.</b>	CA CMCCCT CD
B.1.3. Medio natural e problemas ambientais. Riscos naturais e antópicos. Os espazos protexidos.	B.1.3. Coñecer e valorar a acción humana sobre o medio natural e as súas consecuencias. B.1.4. Coñecer os principais espazos protexidos españois, peninsulares e insulares.	- Realiza búsquedas en medios impresos e dixitais sobre problemas ambientais en España e outros lugares do mundo. - <b>Sitúa nun mapa os parques naturais españois peninsulares e insulares. Utiliza medios impresos e dixitais na búsqueda.</b>	CA CMCCT CD

**Unidade 2. A Prehistoria**

Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B3.1. A Prehistoria. Proceso de hominización. Características evolutivas. Especies do proceso de hominización.	B3.1.1 Localizar no eixe temporal a etapa da Prehistoria. B3.1.2. Coñecer o proceso de hominización: os trazos diferenciadores entre homínidos e primates e as principais especies de homínidos.	- <b>Sitúa a Prehistoria no eixe temporal.</b> - <b>Traza as características das especies de homínidos e os rasgos diferenciadores cos primates, axudándose de esquemas, gráficos e imaxes.</b>	CA CMCT CD
B3.2. Etapas da Prehistoria: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.	B3.2.1. Coñecer os principais trazos das etapas da Prehistoria.	- <b>Sintetiza os principais trazos das etapas da Prehistoria: vida social, arte</b>	CSC

		<b>e cultura.</b> - Recoñece en imxes exemplos representativos de xacementos arqueolóxicos prehistóricos.	
--	--	--	--

### Unidade 3. Grecia e Roma

Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B3.3. Localización xeográfica da civilización grega. Etapas históricas: arcaica e clásica. Aspectos sociais e culturais.	B3.3. Coñecer os principais trazos das civilización da Antigüedad clásica.	- <b>Sintetiza os principais aspectos sociais e culturais da civilización grega.</b>	CSC
B3. 4. Localización xeográfica do Imperio Romano. Aspectos económicos, sociais e culturais da civilización romana.	B3.4.1. Coñecer os principais trazos das civilización da Antigüedad clásica.	- <b>Sintetiza os principais aspectos sociais e culturais da civilización romana.</b>	CSC
B.3.5. A arquitectura e a escultura gregas.	B3.5.1. Recoñecer as características máis destacadas da arte grega clásica.	- A partir de imaxes, fotografías e debuxos realiza unha <b>exposición oral ou escrita dos trazos esenciais da arte grega.</b> - Coñece os principais edificios da polis e diferencia exemplos das tres ordes artísticas (dórico, jónico e corintio).	CA CMCCT CSC
B3. 6. Arquitectura, escultura e pintura de Roma	B3.6.1. Recoñecer as características máis destacadas da arte grega clásica.	- <b>Sintetiza os trazos da arquitectura de Roma e coñece os principais edificios das cidades romanas.</b> - Realiza un pequeno traballo de investigación para buscar e fotografar exemplos de elementos arquitectónicos de estilo clásico en edificios da súa contorna.	CSC CA

### Unidade 4. Do mundo Antigo á Idade Media

Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B3.7. Caída do Imperio Romano de Occidente. As invasións xermánicas.	B3.7.1. Describir a nova situación política, económica e social dos reinos xermánicos.	- Compara algúns aspectos da forma de vida romana coa dos reinos xermánicos.	CSS CAA
B3.7. O feudalismo. B3.7. Crise da Baixa Idade Media. A “Peste Negra” e as súas consecuencias.	B3.7. 2. Coñecer a organización social e política feudal e as súas consecuencias. B3.7.3. Comprender o concepto de crise e as súas consecuencias.	- <b>Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.</b> - Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica e o seu impacto na sociedade	CSC

		medieval europea.	
--	--	-------------------	--

### Unidade 5. O Islam

Contidos	Craterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B.3.8. O Islam. Localización xeográfica e temporal da nova civilización. Invasión da Península Ibérica. Evolución de Al-Andalus.	B3.8.1. Coñecer a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns nos seus aspectos socio-políticos, económicos e culturais.	- Comprende as orixes do Islam e a súa repercusión posterior. - <b>Coñece os principais trazos da civilización musulmá.</b> - <b>Explica a importancia de Al- Andalus na Idade Media.</b>	CA CMCCT
B3.9. Reconquista e repoboación.	B39.1. Entender a relación entre os reinos cristiáns e musulmán. Coñecer o proceso de reconquista.	- <b>Interpreta mapas que representa as etapas de reconquista e repoboación dos reinos cristiáns.</b>	CA CSC
B.3.10. A arte románica, gótica e islámica.	B3.10.1. Comprender as características e as funcións da arte no período medieval.	- <b>Describe os principais trazos dos estilos artísticos medievais a través de exemplos representativos.</b>	CA CSC

### Unidade 6. El estado moderno

Contidos	Craterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B3.11. As monarquías autoritarias. B3.12. Inicio da Idade Moderna en España: os Reis Católicos. O descubrimento de América.	B3.11. Comprender o concepto de monarquía autoritaria. B3.12. Coñecer os feitos máis destacados do reinado dos Reis Católicos. Coñecer as circunstancias en que se produce o descubrimento de América.	- Comprende a transición da monarquía medieval á monarquía autoritaria centralizadora. - <b>Coñece os principais feitos que caracterizaron o reinado dos Reis Católicos.</b>	CA CSC
B3.13. A monarquía hispánica no século XVI: Carlos I e Felipe II. B3.14. A situación socioeconómica española no século XVII. B3.15. América nos séculos XVI e XVII.	B3.13. Coñecer a evolución do Imperio español desde a situación hexemónica do século XVI á decadencia do século XVII. Etapas da colonización de América.	- Coñece a evolución e sintetiza as diferenzas entre a España do século XVI e a do século XVII.	CA CSC

### Unidade 7. A arte renacentista e barroca

Contidos	Craterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B3.16. Arte renacentista B3.17 Arte barroca.	B3.Coñecer as características da arte renacentista e barroca: arquitectura, pintura e escultura e	- <b>Fai unha síntese dos trazos principais das correntes artísticas renacentista e</b>	CA CSC

	os artistas máis destacados.	<b>barroca.</b> - <b>Recoñece en imaxes de obras características de cada período os trazos principais de cada movemento artístico.</b>	
--	------------------------------	---	--

### Unidade 8. Evolución demográfica no espazo europeo

Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B2. 1. Concepto de demografía: taxas de natalidade e mortalidade. Crecemento natural e real da poboación.	B2.1. Comprender a utilidade da demografía. Coñecer os principais indicadores dos estudos demográficos.	- <b>Explica con claridade e precisión os conceptos de demografía, taxas de natalidade e mortalidade; crecemento natural.</b> - <b>Sabe deducir a taxa de crecemento dunha poboación a partir de datos.</b>	CA CM CD
B2.2. A demografía na Idade Media, na Idade Moderna e a partir do século XVIII:	B2.2. Coñecer a evolución da poboación desde a Idade Media ata a época contemporánea.	- <b>Explica a evolución demográfica europea e comprende a súa vinculación cos períodos de recesión económica e os fluxos migratorios.</b>	CA CMCCT
B2.3. As pirámides de poboación: concepto, tipos, utilidade.	B.2.4. Coñecer o concepto e utilidade das pirámides de poboación.	- Sabe interpretar gráficas de distintos tipos de pirámides de poboación.	CA CD

### Unidade 9. Evolución do hábitat urbano

Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
B2.4. Orixe das cidades. As cidades medievais cristianas e musulmanas. As cidades na Idade Moderna.	B2.4. 1. Coñecer a evolución histórica do concepto de cidade. B2.4. 2. Comprender a evolución do proceso de urbanización do planeta.	- Sintetiza as características das cidades nas distintas épocas históricas. - <b>A partir de planos, gráficas e diversas imaxes recoñece as características das cidades en diferentes épocas.</b>	CA CMCCT CD
B2.5. As cidades na Idade Contemporánea. Características das cidades en España.	B2.5. 1. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas.	- Interpreta textos escritos e imaxes que expliquen as características das cidades españolas. - <b>Distingue os tipos de cidade.</b>	CA CD

## 8. Estándares de aprendizaxe mínimos para superar a materia (Ciencias Sociais I)

- Localiza en mapas e imaxes os elementos do medio físico e sabe definir cada un deles.
- Enumera as peculiaridades dos distintos tipos de paisaxes naturais.
- Localiza nun mapa físico os distintos tipos de paisaxes naturais.
